

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CORRECCIÓN DA PRIMEIRA PROBA DO SEGUNDO EXERCICIO E CUESTIÓNS ORGANIZATIVAS.

O tribunal do proceso selectivo para o acceso á escala auxiliar, subgrupo C2, pola quenda de acceso libre, convocado pola resolución reitoral do 20 de xuño de 2024 («DOG» núm. 126, do 1 de xullo de 2024), en cumprimento do previsto no anexo I da convocatoria, que establece que «antes da realización de cada exercicio, o tribunal deberá ter aprobado e publicado os criterios de avaliación e corrección», e tendo en conta o disposto en relación coa primeira proba do segundo exercicio, relativo a que:

«Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de noventa (90) preguntas tipo test, máis cinco (5) de reserva, con catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha será a correcta. As preguntas adicionais de reserva substituirán, se for o caso, as anuladas pola súa orde. Cada resposta incorrecta descontará un cuarto (0,25) dunha correcta.

Os contidos deste cuestionario corresponderanse co conxunto dos temas do anexo II desta convocatoria. O tempo máximo para a realización desta proba será de 95 minutos e cualificarase de 0 a 40 puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo de 20 puntos. Corresponderalle ao tribunal determinar o criterio exixido para acadar esta puntuación mínima. Só aquelas persoas aspirantes que a superen serán convocadas á segunda proba.»

O tribunal **ACORDOU**:

Primeiro.- Establecer o número de respostas correctas para obter o mínimo de 20 puntos para superar o exercicio en 50 respostas correctas, unha vez descontadas as incorrectas.

Segundo.- Informar as persoas aspirantes dos seguintes aspectos organizativos para a realización da proba:

- a) A entrada á proba realizarase segundo a orde de chamamento establecido na convocatoria, pola letra «H», e iniciárase a partir das 9:30 horas.
- b) As persoas aspirantes que non comparezan serán excluídas da oposición, agás nos casos de forza maior, debidamente xustificadas e considerados polo tribunal.
- c) As persoas aspirantes deberán presentar para a realización do exercicio co DNI ou con outro documento que, a xuízo do tribunal, permita acreditar de xeito indubidable a súa identidade (DNI, pasaporte ou carné de conducir).
- d) As persoas aspirantes deberán acudir provistas de lapis número 2 e goma de borrar.
- e) A duración do exame será de 95 minutos, salvo para as persoas que teñen recoñecida adaptación de tempo, en cuxo caso será o tempo que xa se lle notificou a cada unha delas.
- f) As persoas aspirantes non poderán abandonar a aula até que remate o tempo de exame. Non poderán levantarse até que o indique o tribunal. Unha vez finalizado o exercicio, o tribunal dará as instrucións para a recollida ordenada dos exames e a saída das aulas.
- g) A distribución das diferentes zonas da facultade, e indicación da porta de entrada para cada unha destas, recóllese no plano de situación do centro do **Anexo I** á presente publicación.

- h) A distribución das persoas aspirantes en cada unha das zonas da facultade previstas para a realización do exercicio establécense no **Anexo II**.
- i) No momento do chamamento faráselle entrega a cada persoa aspirante dun xogo de etiquetas identificativas cun código de barras. No suposto de precisar un certificado de asistencia, deberallo indicar ao persoal colaborador no momento en que lle entregue as etiquetas identificativas, e deberao recoller ao remate da proba.
- j) Prégase que manipule con coidado a etiqueta. A manipulación da etiqueta pode provocar que o código perda nitidez e problemas na lectura.
- k) Coloque correctamente a súa etiqueta co código de barras no recadro que se encontra na parte inferior do lateral esquerdo da folla de respostas, no cal se indica «A CUBRIR POLO EXAMINANDO», e no sentido do debuxo indicado na folla.



- l) Para garantir o anonimato na corrección dos exames, non consigne sinaturas, nomes, marcas ou calquer outro sinal ou indicación que permita a súa identificación. O tribunal excluírá aquelas persoas aspirantes que consignent na folla de respostas datos que permitan coñecer a súa identidade.
- m) A folla de respostas para cubrir é de uso xeral na USC e permite o seu uso en exames con ata 5 respostas alternativas. Porén, a proba para realizar só ten catro respostas alternativas. Utilice só as opcións A – B – C – D.



- n) Sinala correctamente a resposta correcta. A pregunta que teña máis dunha resposta marcada non computará.
- o) Para corrixir unha resposta, borre completamente as marcas erróneas (teña en conta que a folla de respostas é autocopiativa). Sempre prevalecerán as marcas que estean feitas na folla de respostas que estea en poder do tribunal.



UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Folla de exame
para proba de
respostas alternativas

NON ASINE ESTA FOLLA NIN CONSIGNE NINGÚN OUTRO DATO



así non sinala:



- Sinala correctamente os cadrados
- Sinalar exclusivamente con lapis do n.º 2
- Para corrixir, borrar completamente as marcas erróneas

- Non marque máis dunha resposta por pregunta
- Non dobre nin manche esta folla
- Coloque o seu código de barras correctamente no recadro

- p) A folla de respostas deberalla entregar ao tribunal cando lle sexa requirida, e este é o único documento acreditativo das respostas para os efectos de ser cualificado. O tribunal faralle entrega da folla autocopiativa, que poderá levar xunto co caderno de preguntas.

Terceiro.- Serán causas de exclusión as seguintes:

- Abrir o sobre que contén o cuestionario ou comezar a realización do exercicio antes de que o indique o tribunal.
- Continuar escribindo cando o tribunal indique que rematou o tempo de exame.
- Falar, copiar, intercambiar exames ou información co exterior ou con calquera persoa participante no proceso selectivo.
- Non se poderá acceder ao exame con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico. O tribunal non disporá de ningún tipo de sistema de depósito para a recollida e custodia deste tipo de dispositivos non autorizados. Á persoa aspirante que lle soe o teléfono móbil durante a realización do exame deberá entregar a folla de respostas e será excluída do proceso.
- O tribunal vixiará as conexións a redes sen fíos non autorizadas que se detecten nas aulas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O presidente do tribunal

Félix Navaza Aller






Taboleiro electrónico da Sede Electrónica:

<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>

Páxina web das convocatorias da Subárea de Planificación de PAS:

<https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/gestionpersoal/PAS/oep/listado>

Anexo I. Plano de situación para o acceso á celebración do exercicio



Anexo II

Distribución das persoas aspirantes segundo zonas na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Dende	Ata	Zona	Aulas de chamamento
Hermida Vázquez, Ana	Civeira Suárez, Susana	Zona A	Aulas A, B e C
Cochón Castro, Lorena	Guzmán Arias, Sonia	Zona B	Aulas 28, 29 e 30
Aspirantes da quenda de discapacidade e aspirantes con adaptacións concedidas		Zona C	Aula 22

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: FELIX NAVAZA ALLER, NIF ***9602**, 30/04/2025 08:22:20.

CSV: 6566-35AC-4AC7-9C04